

C A L E N D A R I O 2 0 2 0



Traballadoras de **MASSÓ**

Traballadoras de **MASSÓ**

Un día do ano 1816 o novísimo Salvador Massó Palau contemplaba por primeira vez a enseada de Bueu desde a cuberta do veleiro mercante que partira cara a Galicia procedente dalgún porto da costa de Girona, coa súa carga de panos, viño e augardente. O panorama que tiña diante dos seus ollos debeulle resultar sorprendentemente familiar: o capricho e as leis da natureza conxuráronse para recortar unha perfecta liña parabólica de area branca e un perfil costeiro idéntico ao que deixara atrás no seu Blanes natal.

Con só 17 anos, a Salvador quedáballe por diante un longo camiño ata chegar a ser, xa ao final da súa vida, un grande empresario da moderna industria conserveira. Pero o mozo emprendedor catalán non empezaba de cero, contaba co apoio dos seus paisanos, que levantaran fábricas de salgadura sobre estes mesmos areais.

Na súa madurez, casado en segundas nupcias con Esperanza Ferrer i Ros e asociado co seu sogro, Salvador ten xa establecidos os cimentos sobre os que se vai construír o imperio da conserva da familia Massó. A fábrica de salgadura «ao estilo catalán», establecida no edificio que ocupará o Museo Massó, será o punto de partida da histórica saga formada por catro xeracións de industriais que se situarán á cabeza das empresas dedicadas á conserva de peixe. A partir da década de 1920, co seu neto Gaspar á fronte, convértese nunha das empresas líderes no sector a nivel internacional, con cifras de vendas en todos os continentes inalcanzables para outras conserveiras. Massó Hermanos vai protagonizar un dos capítulos máis florecentes da economía galega do século XX, coas consecuentes repercusións sociais que transformaron a vida da poboación das comunidades costeiras.

A máis importante será a incorporación tan xeneralizada das mulleres ao traballo asalariado, que constitúen preto do 90 % da man de obra, primeiro na salgadura e despois na conserva. Estas mulleres adquiren unha maior visibilidade no ámbito social e familiar dentro das comunidades marítimo-pesqueiras, pero é un tímido avance cara a unha sociedade desenvolvida e igualitaria que en ningún momento irá acompañado de recoñecemento e influencia, accións moi escorregadizas no sistema patriarcal cando se trata do xénero feminino.

A empresa creada pola familia Massó é un claro exemplo do desenvolvemento que experimentou o litoral galego neste período. Será a responsable de que Bueu e Cangas ocupen no século XX un posto relevante no sector da conserva de peixe. Ademais foi o factor que desencadeou unha fase de desenvolvemento sen precedentes nesta comarca.

Que queda hoxe, 25 anos despois do peche de Massó, de todo aquel imperio conserveiro e pesqueiro que chegou a converterse nun auténtico fenómeno empresarial? A súa pegada está aínda moi presente en varias xeracións de xentes do Morrazo, na definición do Bueu urbano, nas arruinadas instalacións do impresionante complexo industrial de Cangas, cos peiraos, a factoría baleeira, a salgadura, os edificios para o aloxamento do persoal da fábrica, a gardería ou o economato. Pero sobre todo, neste conxunto sobresaie a fábrica de conservas do Salgueirón. Esta arquitectura, que foi a conserveira máis grande de Europa, preside a entrada da ría de Vigo como unha maxestosa e aínda desafiante fortaleza abandonada. Como unha reliquia do noso pasado industrial e un lánguido queixume polo maltratado patrimonio industrial galego.

A este patrimonio histórico, cun futuro a día de hoxe incerto e pouco esperanzador, súmase o rico legado cultural que durante xeracións foi crescendo no seo desta familia, cuxo carácter excepcional pon de manifesto un nivel e unhas inquietudes culturais pouco habituais. Este legado é a xénese, a alma, o motor e a razón de ser do Museo Massó.

A partir de 1928 a fábrica prepárase para acoller a biblioteca de libros antigos así como as coleccións sobre a historia da navegación e outras disciplinas auxiliares, como a astronomía e a xeografía, que foran reunidas ao longo de tres xeracións, para integralas entón como un museo dentro do complexo fabril de Bueu.

Aos poucos, a medida que se amplía a fábrica, as coleccións e a biblioteca irán estendéndose dentro das antigas instalacións industriais que se liberan da actividade produtiva. O museo crece dentro da fábrica de conservas. Despois do peche da conserveira en 1992, e da desafortunada derriba de gran parte das arquitecturas industriais, esta situación invértese e será o museo o que asuma o papel de salvagarda do que sobreviviu daquela industria. Desde os seus inicios contaba xa cunha sala dedicada á industria familiar onde, cunha visión adiantada ao seu tempo, o patrimonio da empresa transformábase en patrimonio histórico. Co tempo, as novas adquisicións de antigüidades náuticas e xoias bibliográficas, realizadas con moi bo criterio polos irmáns Massó, o conxunto de obras que encargan a Urbano Lugrís e a Xoan Piñeiro, os testemuños das factorías conserveiras e baleeiras e a actividade pesqueira irán completando o perfil do museo.

En 1994, despois do peche da fábrica de Bueu, a colección e unha parte dos edificios da antiga conserveira que ocupaba o museo foron adquiridos pola Xunta de Galicia. Hoxe, as súas coleccións son o máximo expoñente museístico do importante vínculo de Galicia co mar, e as súas orixes e traxectoria fixeron que a comunidade en que se asenta o Museo Massó desenvolvese un forte sentimento de pertenza e de orgullo, ata o punto de que na actualidade forma parte da memoria colectiva como un elemento de identidade e de cohesión social.

Neste proceso, o arquivo fotográfico xoga un papel fundamental como un alicerce esencial do fortalecemento da identidade colectiva. O núcleo deste arquivo, que en parte é froito da paixón pola fotografía que sentiron desde a súa mocidade Gaspar e José María Massó, está constituído por unha colección de álbums desde a década de 1860 ata 1990, entre os que destaca un importante repertorio fotográfico dos «felices anos 20» en Bueu, e máis de trescentas placas de negativos en vidro.

A diferenza do que resulta máis habitual, aquí atopámonos cunha porcentaxe significativa de imaxes que teñen como protagonistas ás mulleres: mulleres da familia no seu ambiente burgués, representando o papel que a sociedade patriarcal lles tiña reservado como nais e esposas, mulleres realizando os traballos do mar en terra, e as interesantes series de fotografías das fábricas coas empregadas da conserveira retratadas traballando en todos os sectores da cadea de produción, desde a descarga, recepción, limpeza e cocción do peixe, pasando pola fabricación de latas e o enlatado, ata o empacado final para a expedición.

Neste grupo destaca a serie de instantáneas que en 1924 encargan os irmáns Massó ao estudio fotográfico de Pacheco en Vigo para ilustrar o catálogo publicitario deseñado por Federico Ribas.

Este calendario, no que se reproducen algunhas imaxes desta serie, é unha homenaxe ás mulleres empregadas nas conserveiras, cuxos salarios foron imprescindibles para superar os niveis de subsistencia e soste os fogares que dependían dos inestables ingresos da pesca. Mulleres cuxas condicións de traballo eran moi precarias, que percibían uns salarios moito máis baixos que os dos seus compañeiros, ocupaban os postos menos cualificados e non tiñan a oportunidade ascender na xerarquía laboral. Aquela man de obra feminina que, moi ao seu pesar, abaratóu os custos de produción e provocou que a industria galega fose máis competitiva. Mulleres resignadas porque non tiñan outra saída laboral remunerada, pero para as que sen dúbida un salario tiña un valor engadido: supoñía unha feliz oportunidade para cultivar a súa menoscabada autoestima dentro do núcleo familiar, ter unha maior presenza no espazo público e realizarse fóra do ámbito doméstico.

Na casa as xornadas eran interminables e non se lles aforraban esforzos, tampouco agora se lles ía eximir de ningunha das tarefas da pesada carga doméstica que as mulleres exerceron sempre como un acto de xenerosidade, sen recibir nada a cambio, nin un chisco de recoñecemento.



XANEIRO


Grazas ao traballo asalariado as mulleres adquiren unha maior visibilidade no ámbito social e familiar dentro das comunidades marítimo-pesqueiras.

	luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
Semana 1			1	2	 3	4	5
	6	7	8	9	 10	11	12
Semana 2	Reis				 17	18	19
Semana 3					 24	25	26
Semana 4							
Semana 5	27	28	29	30	31		



FEBREIRO

Unha das principais repercusións da posta en marcha de Massó Hermanos será a incorporación tan xeneralizada das mulleres ao traballo asalariado, que constitúen preto do 90 % da man de obra, primeiro na salgadura e despois na conserva.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
					1	2  Cuarto crecente
Semana 5						
3	4	5	6	7	8	9  Lúa chea
Semana 6						
10	11	12	13	14	15  Cuarto minguante	16
Semana 7						
17	18	19	20	21	22	23  Lúa nova
Semana 8						
24	25	26	27	28	29	
Entroido Semana 9						



MARZO

As condicións de traballo eran moi precarias, as mulleres percibían uns salarios moito máis baixos que os dos seus compañeiros, ocupaban os postos menos cualificados e non tiñan a oportunidade de ascender na xerarquía laboral.



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
						1
Semana 9						
 2	3	4	5	6	7	8
Semana 10						
 9	10	11	12	13	14	15
Semana 11						
 16	17	18	19	20	21	22
Semana 12						
23/30	 24/31	25	26	27	28	29
Semanas 13-14						

Entrada da primavera
ás 03:50 horas UT



ABRIL

Algunha destas fotografías forman parte da serie de instantáneas que en 1924 encargan os irmáns Massó ao estudio fotográfico de Pacheco en Vigo para ilustrar o catálogo publicitario deseñado por Federico Ribas.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
		 Cuarto creciente 1	2	3	4	5
Semana 14						
6	7	 Lúa chea 8	9	10	11	12
Semana 15						
13	 Cuarto minguante 14	15	16	17	18	19
Semana 16						
20	21	22	 Lúa nova 23	24	25	26
Semana 17						
27	28	29	 Cuarto creciente 30			
Semana 18						



MAIO

Mulleres resignadas porque non tiñan outra saída laboral remunerada, pero para as que sen dúbida un salario tiña un valor engadido: supoñía unha feliz oportunidade para cultivar a súa menoscabada autoestima dentro do núcleo familiar, ter unha maior presenza no espazo público e realizarse fóra do ámbito doméstico.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
				1	2	3
Semana 18				Día do Traballo		
4	5	6	 Lúa chea	7	8	9
Semana 19						
11	12	13	 Cuarto minguante	14	15	16
Semana 20						Día das Letras Galegas
18	19	20	21	 Lúa nova	22	23
Semana 21						
25	26	27	28	29	 Cuarto crecente	30
Semana 22						31



XUÑO



Na casa as xornadas eran interminables e non se lles aforraban esforzos, tampouco agora se lles ía eximir de ningunha das tarefas da pesada carga doméstica que as mulleres exerceron sempre como un acto de xenerosidade, sen recibir nada a cambio, nin un chisco de recoñecemento.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo	
1	2	3	4	 Lúa chea	5	6	7
Semana 23							
8	9	10	11	12	 Cuarto minguante	13	14
Semana 24							
15	16	17	18	19	20	 Lúa nova	21
Semana 25					Entrada do verán ás 21:44 horas UT		
22	23	24	25	26	27	 Cuarto crecente	28
Semana 26		San Xoán					
29	30						
Semana 27							



XULLO


A empresa creada pola familia Massó é un claro exemplo do desenvolvemento que experimentou o litoral galego a comezos do século XX. Será a responsable de que Bueu e Cangas ocupen un posto relevante no sector da conserva de peixe.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
		1	2	3	4	5  Lúa chea
Semana 27	6	7	8	9	10	11  Cuarto minguante
Semana 28	13	14	15	16	17	18
Semana 29	20  Lúa nova	21	22	23	24	25
Semana 30	27  Cuarto crecente	28	29	30	31	Día da Patria Galega
Semana 31						



AGOSTO

Grazas ao arquivo Massó contamos hoxe coas interesantes series de fotografías das empregadas da conserveira retratadas traballando en todos os sectores da cadea de produción, desde a descarga, recepción, limpeza e cocción do peixe, pasando pola fabricación de latas e o enlatado, ata o empacado final para a expedición.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
					1	2
Semana 31						
 3	4	5	6	7	8	9
Semana 32						
10	 11	12	13	14	15	16
Semana 33						
17	18	 19	20	21	22	23
Semana 34						
24 31	 25	26	27	28	29	30
Semanas 35-36						



SETEMBRO


O núcleo deste arquivo fotográfico está constituído por unha colección de álbums desde a década de 1860 ata 1990, entre os que destaca un importante repertorio fotográfico dos anos 20 en Bueu, e máis de trescentas placas de negativos en vidro.


luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo	
	1	 2	3	4	5	6	
Semana 36	7	8	9	 10	11	12	13
Semana 37	14	15	16	 17	18	19	20
Semana 38	21	22	23	 24	25	26	27
Semana 39	Entrada do outono ás 13:31 horas UT		28	29	30		
Semana 40							



OUTUBRO

A man de obra feminina, moi ao seu pesar, abaratau os custos de produción e provocou que a industria galega fose máis competitiva.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo	
			 Lúa chea 1	2	3	4	
Semana 40	5	6	7	8	9  Cuarto minguante	10	11
Semana 41	12	13	14	15  Lúa nova	16	17	18
Semana 42	19	20	21	22  Cuarto crecente	23	24	25
Semana 43	26	27	28	29	30	31  Lúa chea	
Semana 44							



NOVEMBRO

A partir de 1928 a fábrica prepárase para acoller a biblioteca de libros antigos así como as coleccións sobre a historia da navegación e outras disciplinas auxiliares, como a astronomía e a xeografía, que foran reunidas ao longo de tres xeracións, para integralas entón como un museo dentro do complexo fabril de Bueu.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
						1
Semana 44						Magosto
2	3	4	5	6	7	8  Cuarto minguante
Semana 45						
9	10	11	12	13	14	15  Lúa nova
Semana 46						
16	17	18	19	20	21	22  Cuarto crecente
Semana 47						
23/30  Lúa cheia	24	25	26	27	28	29
Semanas 48-49						



DECEMBRO

Este calendario é unha homenaxe ás mulleres empregadas nas conserveiras, cuxos salarios foron imprescindibles para superar os niveis de subsistencia e soste os fogares que dependían dos inestables ingresos da pesca.

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
	1	2	3	4	5	6
Semana 49						
7	 Cuarto minguante	8	9	10	11	12
13						
Semana 50						
 Lúa nova	14	15	16	17	18	19
20						
Semana 51						
 Cuarto crecente	21	22	23	24	25	26
27						
Entrada do inverno ás 10:02 horas UT Semana 52					Nadal	
28	29	 Lúa chea	30	31		
Semana 53						

Traballadoras de MASSÓ

EDICIONS
XERAIS
DE GALICIA



Calendario fotográfico de parede con doce fotografías pertencentes ao arquivo do Museo Massó. Doce imaxes realizadas nos anos vinte do século XX que son unha homenaxe ás mulleres empregadas nas conserveiras, cuxos salarios foron imprescindibles para superar os niveis de subsistencia e soste os fogares que dependían dos inestables ingresos da pesca.

Edición: Celia Torres Bouzas • Prólogo: Covadonga López de Prado Nistal • Deseño: Ramón Domínguez

© das fotografías: Arquivo Museo Massó • © desta edición: Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2019 • Dr. Maraño, 12, 36211 VIGO
xerais@xerais.gal • <http://www.xerais.gal> • <http://blog.xerais.gal> • ISBN: 978-84-9121-591-2 • Depósito legal: VG 407-2019

Reservados todos os dereitos.

1310202



SBN 978-84-9121-591-2